

DevOps como alicerce da túa estratexia dixital

Descrición

Este seminario céntrase en DevOps como motor operativo dunha estratexia dixital integral: como avaliar o estado actual dunha organización, como aliñar esa realidade coa visión de negocio (VMOST), como manter o progreso no tempo (mellora continua), como traducir todo isto en decisións concretas de arquitectura e nube, e como garantilo mediante unha gobernanza que non obstaculice a entrega.

Perfil do docente

O relator da xornada será **Luis Rodríguez Castromil**, Strategic Technology Leader con máis de 13 anos de experiencia en DevOps, Cloud e plataformas dixitais. Conta con certificacións como AWS Solutions Architect (Associate e Professional), Microsoft Azure Fundamentals e DASA DevOps Fundamentals. Traballou como SRE, Platform e DevOps Engineer, liderando iniciativas de automatización, optimización de custos en AWS e fiabilidade de sistemas, así como na mentorización de equipos técnicos e aliñación da tecnoloxía cos obxectivos de negocio.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/10/2026 - 09/11/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	10/11/2026

DATA FIN	10/11/2026
HORARIO	Horario de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	10/11/2026 - 10/11/2026

Temario

- Avaliación da madurez: como diagnosticar con honestidade a situación actual da túa organización.
- VMOST aplicado á tecnoloxía: vincular ese diagnóstico coa visión e os obxectivos do negocio antes de decidir o “como”.
- Arquitectura, nube e toma de decisións: un marco práctico para decidir entre desenvolver ou comprar (“build vs. Buy), analizar o custo total de propiedade (TCO), etc.
- Mellora continua e gobernanza áxil: como manter o cambio ao longo do tempo sen caer no caos nin na burocracia.